



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

### **Convenio de colaboración entre este Concello de Arzúa e os Concellos de Vedra, Teo, Santa Comba, Negreira, Frades, Agrupación Recreativa de Deportistas Veteranos de Santiago, Trazo e Tordoia para o XXII Torneo intermunicipal de fútbol Sala Senior.**

En Arzúa, 3 de maio de 2019

#### REUNIDOS:

Dunha parte D. José Luis García López, alcalde do Concello de Arzúa.

#### E doutra parte:

- D. Carlos Martínez Carrillo, alcalde do Concello de Vedra.
- D. Rafael C. Sixto Edreira, alcalde do Concello de Teo
- D. M<sup>a</sup> Josefa Pose Rodríguez, alcaldesa do Concello de Santa Comba
- D. Jorge Jesús Tuñas Caamaño, alcalde de Negreira.
- D. Roberto Rei Martínez, alcalde de Frades.
- D. Alberto Antonio Quintana Vilarelle, presidente da agrupación recreativa de deportistas veteranos de Santiago.
- D. Jose Dafonte Varela, alcalde do Concello de Trazo
- D. Amadeo Cancela Fariña, alcalde do Concello de Tordoia.

Os comparecentes interveñen en nome das respectivas corporacións, cuxa representación legal obstenta, e EXPOÑEN:

Que, consonte a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e a Lei 3/2012, do 2 de abril do Deporte de Galicia, os municipios teñen competencia en materia de fomento e difusión do deporte, organización de campionatos e eventos deportivos, así como de promoción de programas xerais do deporte a través da coordinación coa administración autonómica e a colaboración con outros entes locais. Así mesmo, os Concellos poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións para xestionar asuntos de interés común, baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral.

Desde hai tempo celébrase con periodicidade anual o Torneo Intermunicipal de Fútbol Sala entre varios Concellos nos que interveñen os equipos campións das respectivas Ligas municipais.

Neste ano 2019 terá lugar o XXII Torneo Intermunicipal de Fútbol Sala para o que ACORDAN:

**Primeiro:** O concello de Arzúa será o organizador desta XXII edición do torneo, que terá lugar o sábado 25 de maio do presente ano en Arzúa.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

**Segundo:** Cada Concello comprométese a transferirle ao Concello de Arzúa 450 € como achega para financiar os gastos derivados da organización da actividade, que se ingresarán na conta municipal número: ES89 2080 0369 2031 1000 0023 de ABANCA trala xustificación dos gastos derivados do Torneo. Para estes efectos, o Concello de Arzúa remitiralle copia compulsada das facturas e demais documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil xustificativos dos gastos executados.

Terán consideración de gastos cofinanciados os efectivamente realizados co gallo da celebración do torneo de fútbol sala nas datas sinaladas e que estean directamente relacionados con esta actividade. Non será preciso acreditar o pagamento efectivo do gasto e, considerase como data da súa realización, a emisión da factura ou documento equivalente, agás proba contraria.

Se trala formación da conta resultara que a totalidade de gastos xustificados é inferior á cantidade total achegada por todos os concellos participantes, reducirase proporcionalmente ao gasto efectivamente executado mantendo a igualdade nas contribucións. De ser o caso, o Concello de Arzúa debe notificar esta circunstancia xunto coa documentación xustificativa.

**Terceiro:** Cada Concello debe nomear dous representantes responsables de acompañar ao equipo respectivo.

**Cuarto:** Este convenio estará vixente ata o 25 de maio de 2019, agás que sexa necesario prorrogalo por causas debidamente xustificadas e previa formalización de prórroga.

**Quinto:** Este convenio é de natureza administrativa e, no caso de que xurdan cuestións litixiosas, será competente para o seu recoñecemento e resolución a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba da súa conformidade, as partes que interveñen asinan o convenio no lugar e data sinalada no encabezamento.

Alcalde do Concello de Arzúa

Asdo: José Luis García López



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

Alcalde do Concello de Vedra

Asdo: Carlos Martínez Carrillo

Alcalde do Concello de Teo

Asdo: Rafael C. Sixto Edreira

Alcaldesa Concello de Santa Comba

Asdo: M<sup>a</sup> Joséfa Pose Rodríguez

Alcalde Concello de Negreira

Asdo: Jorge Jesús Tuñas Caamaño

Alcalde Concello de Frades

Asdo: Roberto Rei Martínez

Presidente da Agrupación Recreativa de Deportistas Veteranos de Santiago

Asdo: Alberto Antonio Quintana Vilarelle



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

Alcalde Concello de Trazo



Asdo: José Dafonte Varela

Alcalde Concello de Tordoia



Asdo: Amadeo Cancela Farina